

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO DE VENDA POLO MIÚDO DE ARTIGOS COA IMAXE PROMOCIONAL DE MONDOÑEDO.

Art. 1.- Concepto.

De conformidade co previsto no artigo 127 en relación co 41 do Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o prezo público pola venda polo miúdo de artigos coa imaxe promocional de Mondoñedo.

Art. 2.- Obrigados ao pagamento.

Están obrigadas ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza as persoas adquirentes de artigos coa imaxe promocional de Mondoñedo, en virtude de actividade de venda realizada polo Concello en locais ou establecementos, fixos ou temporais.

Art. 3. Determinación do prezo público

De acordo co disposto no artigo 47 do TRLHL, o prezo dos diferentes artigos será fixado mediante acordo da Xunta de Goberno Local, sen que o prezo unitario de venda poida ser inferior ao prezo unitario de adquisición polo Concello dos ditos artigos.

Art. 4.- Normas de xestión.

1.- O pago do prezo público realizarase polos obrigados mediante pago en efectivo, no mesmo acto de compravenda dos artigos promocionais. A documentación do pago e entrega se axustará ao disposto na lexislación de protección de consumidores e usuarios e a normativa fiscal correspondente.

2.- A persoa responsable da actividade de venda deberá trasladar periodicamente á tesourería municipal, memoria expresiva dos artigos vendidos e do seu importe, co gallo de permitir a súa axeitada contabilización.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.

A presente ordenanza entrará en vigor e será de aplicación a partir da data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e logo de transcorrer o prazo ao que se refire o artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local, e manterá a súa vixencia ata que se aprobe a súa modificación ou derrogación”.

Mondoñedo, 25 de maio de 2016

Dilixencia.- Para facer constar que a presente ordenanza foi aprobada provisionalmente no Pleno da Corporación, de 29 de marzo de 2016,(publicada aprobación inicial no BOP nº 087 de 16/04/2016), aprobada definitivamente e publicada no B.O.P. nº 128 de 04/06/2016.